MAIO - 2003

# CANDÍS

Nº 17

C.P.I. "TOMÁS TERRÓN MENDAÑA" SOBRADELO DE VALDEORRAS (OURENSE)



# EDITORIAL

¡ Ola! Un curso máis estou con vós .Son a VOSA REVISTA ,a dos **nen@s** deste colexio público, que puxeron aquí, nestas páxinas, os seus traballos e a súa ilusión.

Agora que me tedes nas mans,darédesvos conta que este ano estou un pouco máis fraca que o ano pasado,xa que , aconsellada polos médicos ,seguín unha estricta cura de adelgazamento e , deste xeito, peso algunhas follas menos. Seica é bo para o meu corazón.

Tamén observaredes que non estou todo o limpa que debera para a ocasión, e prestos a buscar culpables ¿ Por que non lles preguntades ós rapaces e profes da E.S.O ? Seica foron de excursión á costa e voltaron cos zapatos cheos de piche.¿Onde os limparían? .¡ Que boa revista se houbera un bo deterxente! Agardo a que saibades levar con humor estas pequenas " interferencias" .

No meu decimosétimo cumpreanos atópome en parte leda e en parte triste.Leda por un ano máis de vida , e triste por cumprir anos en medio de tanta mancha: violencia, incomprensión, aniquilación de seres humáns...e outras barbaries. Sempre pacifista. **A vosa revista**

# ÍNDICE


**ALGUNHAS FESTAS E CONMEMORACIÓNS**

- A igualdade de sexos en cómic ¿Podemos face-las mesmas cousas?........ 1
- Resumo de actividades no Día da Paz e poesías........ 2 - 3
- Celebrámo-lo Entroido........ 4 – 5
- As festas nos nosos pobos: Sobradelo,Soutadoiro e Pumares........ 6 – 8
- Celebrámo-lo Día da Árbore........ 9
- O Día das Letras Galegas.Biografía de Antón Avilés de Taramancos........ 10

**ALGUNHAS PARTICIPACIÓNS EN CONCURSOS**

- "Entre Nós en galego".Obra teatral: "A avoíña da Carapuchiña"........ 11 –12
- Museo Pedagóxico de Galicia ( MUPEGA). Un século da historia educativa galega.. 13 – 17

**ÁREAS DE ESTUDIO NO CENTRO**

- Inglés........ 18 – 19
- Portugués........ 20 – 22

**EXCURSIÓNS E VISITAS**

- Convivencia en Ed. Infantil .Con Cholo e Nela na Rúa........ 23 –25
- Visita á Costa da Morte........ 26

**AS NOSAS EXPRESIÓNS CREATIVAS**

- O noso amigo fantástico........ 27
- Eu quero ser........ 28 – 29
- A historia dun río........ 30
- Caligrama........ 30
- Ventisca en San Isidro........ 31
- Acrósticos........ 31
- Historia dun neno arxelino........ 32
- O noso último ano no colexio........ 33

**DEPORTES E XOGOS**

- Xogos do Magosto........ 34
- Campo a través no Barco........ 35
- Campo a través na Rúa........ 35

**PASATEMPOS**........ 36 - 37

Homes e mulleres, ¿Podemos face-las mesmas cousas?

Alex pensa que si



# A Paz

*31 de Xaneiro*



*Hoxe é unha data sinalada*
*nas follas do calendario*
*festexamos con alegría*
*o día da Paz.*

*Non queremos guerras*
*nin tampouco violencia*
*loitemos con tódalas forzas*
*pola Paz e a Convivencia.*

*Sen armas nin rencores,*
*meu querido compañeiro.*
*Busquemos un mundo mellor*
*e as armas ó basureiro.*

*Brais Guitián Castro 4° E.Primaria*

*A Paz é bonita*
*bonita como o mar*
*e sempre cantamos*
*Cancións de verdade.*

*Que non haxa guerras*
*iso é a PAZ*
*querernos todos*
*Como irmáns de verdade.*

*Non hai negros ou brancos*
*todos somos iguais*
*xuntando as mans*
*botando ponbas a voar.*
*En paz non nos pelexamos*
*na guerra nos matamos*

*Vicente García Vega. 4° de E.Primaria*




A guerra é mala e algúns homes tamén. Eu non quero a guerra,quero a paz. Coidemos a Terra entre todos.Para coidala debemos axudarnos uns ós outros e non matándonos e maltratándonos.

Alejandro Álvarez Prada. 4° E.Primaria

No noso colexio,os alumnos /as de E.Primaria celebramo-lo día da Paz o día 31 de xaneiro. Pola mañá en tódalas clases falamos , fixemos debates , murais e outras actividades relacionadas co tema da Paz.
Pola tarde todos recortamos as nosas mans en papel branco e pegámolas nunha pomba que debuxou o profe Manu e que estaba pegada no pasillo de abaixo , formando as plumas da pomba. Cando acabamos ; o profe Aleixo baixou o piano para o pasillo e cantamos o Himno da Alegría. Todo resultou moi bonito .

Alumnos / as de 4ª de E.Primaria

Poema en castelán:

Noelia Calvo

# PALOMA DE PAPEL

3º curso

Con un trozo de papel
hice una paloma blanca.
Pinté sus ojos de mar.
Pinté de nieve sus alas.
Pinté de menta las plumas.
Pinté de azúcar las patas.
¡El corazón lo pinté
con el pan que me sobraba!
-La paloma estaba viva.
Volar la dejé en la ventana.
Se fue volando, volando
por el aire hasta
sus ramas:
hasta las ramas de olivo
donde la guerra descansa.
Un niño vino a quererla.
La niña vino a besarla.
La paloma les dio entonces
todo el pan que les faltaba.
Mi general, no dispare.
¡Las aves no tienen patria!
Que vuelen las avecillas
por los cielos de tu casa.



# *O ENTROIDO*

Este ano.o entroido foi algo difícil para os de 5°. Iba chega-lo día e non sabiamos de que disfrazarnos. A nosa profesora quería que nos disfrazásemos como os de 6°, de "tunos". Pero a nós non nos parecía unha boa idea.

Nós, Lorelai e Esther, queriamos ir de "*Miércoles*", a nena da "Familia Adamss". E os nosos compañeiros de "*carautas feas*" e con fundas de traballo. Ó final decidimos disfrazarnos todos de tunos para o desfile; e logo subiriamos á clase a cambiarnos e vestirnos cos nosos disfraces.

Os disfraces dos outros cursos foron moi orixinais:

- **Educación Infantil**: 101 Dálmatas e as profesoras de Cruela.
- **Primeiro** e **Segundo**: Pingüíns e Esquimós.
- **Terceiro**: Hippies
- **Cuarto**: Viquingos e Blasileiras.
- Nós (**Quinto**) e os de **Sexto**: Tunos.

## Confección do disfraz de Tunos:

A capa era unha bolsa de plástico de cor negra, levaba penduradas moitas cintas de cores de papel pinocho e de plástico. Algúns levaban pantalóns de plástico negro e outros mallas negras. Levabamos unha pandeireta decorada con cintas de cores. Por debaixo da capa vestímonos cun xersei negro.

## Desfile e fariña:

Desfilamos por grupos ó redor do patio seguindo ós músicos. Os músicos eran algúns profesores.

Ó rematar tirámonos fariña uns ós outros. *¡Isto encantounos!*



**Esther e Lorelai – 5° de Primaria**

# NO ENTROIDO...




Os máis pequenos disfrazáronse de dálmatas.



Os de Primeiro parecían verdadeiros pingüíns



Manu acompañaba á comparsa dos esquimós de 2º e 1º



Recordamos os anos setenta cos hippies de terceiro






Os da nosa clase fixemos dúas comparsas: Vikingos e Brasileiras




→ Os de 5º e 6º ían de tunos.

ALUMNOS/AS DE 4º DE E. PRIMARIA

# A FESTA DO NOSO POBO

A festa de Sobradelo

Francisco
29-4-03
(4 anos)



A festa de Sobradelo

Luís Enrique
29-4-03
(4 anos)



# FESTAS EN SOUTADOIRO

Tódolos anos, o primeiro sábado de xullo imos a Soutadoiro, a celebrar a Santa Isabel. Ali xuntámonos amigos e familia. Hai misa e procesion. Pasamos un tempo no baile de mediudia e logo imos a comer. Despois hai xogos de bolos e o baile da tarde.

Finalmente hai unha gran verbena ata as tantas da noite. Acaba a festa cunha gran queimada.

– Sergio – 3º E. Primaria –



Alumnos/as de 3º

# BAILANDO BAIXO A CHOIVA

A festa de Pumares durou 3 días: sábado, dominga e luns (8, 9, 10 de Abril). O único problema foi que choveu, pero paseino ben igual. A xente bailaba cas paraugas na man e había persoas que se poñían a cantar á choiva e mollábanse todas. As cancións da orquesta gustaronme porque eran "movidas".



Pero había un membro do grupo que cantaba todo ó revés e facía gracia. O Domingo unha familia andaba repartindo chocolate con churros e case toda a xente os comeu. O luns case ninguén foi á festa porque moita xente de fora tiña que marchar ás seus pobos. Bueno, iso foi o que pasou na festa do meu pobo.

Jennifer cristina Moura Carvalho 6°. primaria

# PLANTAMOS ÁRBORES

Un ano máis celebramos o día da árbore no noso Colexio, só que o fixemos uns días máis tarde, o 28 de marzo.



Participamos os nenos de Infantil e Primaria.

Despois do recreo saímos coas nosas titoras, e xunto cuns obreiros de Medio Ambiente, que trouxeron as árbores e con anterioridade fixeran os buracos, levamos a cabo a plantación.

En total plantamos 21 árbores de distintas variedades: Plátanos, faias, abetos, xardóns.

En primeiro lugar os operarios, explicáronnos como se facía na práctica e a continuación cada curso plantamos dúas, tres ou catro árbores ó longo do campo de fútbol.

De momento prenderon e para que non sequen; temos que regalas a menudo.

Esperamos que medren pronto para que algún día poidamos protexernos baixo a súa sombra.

Miriam Prada

6ª C.

# ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS






**O ULISES DE GALICIA.** Foi comerciante, domador de cabalos, contrabandista.... e rematou a súa vida poñendo chatos de viño na súa Taberna de Noia.

Pero Avilés de Taramancos foi, ademais de todo isto, un dos grandes poetas.

Nace en Taramancos, unha aldea no fondo da ría de Muros e Noia, en abril de 1935.

Comeza a escribir moi cedo, publicando a partir dos catorce anos na revista *«Tapal»* de Noia.

Con dezaseis anos acada un premio literario que lle será entregado por Otero Pedrayo.

Marcha a Ferrol a facer o servicio militar e logo á Coruña a estudiar Náutica; desa maneira entrará en contacto con grupos galeguistas, artísticos e culturais destas cidades. Moitas anécdotas desta época e a súa relación con toda esta xente cóntanolas Avilés entre os anos 1980 e 1992 e aparecen recollidas no libro *«Obra viva»*. Destes tempos viralle a capacidade de estar aberto a calquera expresión artística, prestándose como modelo para os murais do mosteiro de Samos.

En 1955 aparece o seu primeiro libro *«As moradías do vento»*, como separata da revista *Atlántida*. Será aquí onde asine por primeira vez co nome *«Avilés de Taramancos»*. A partir de agora aparecerá sempre unido o seu nome literario ó lugar de nacemento.

En 1959 publica a *«A frauta i-o garamelo»*; un libro sobre paxaros do que Otero Pedrayo lle di que «escoitou» en vez de «ler».

Acada o premio Brais Pinto polo libro *«Pequeno canto»*, tamén coñecido como *«Poemas a Fina Barrios»*, trátase dun poemario amoroso.

No ano 1960 marcha a América; trátase dunha emigración forzosa, un exilio voluntario en Colombia, que durará vinte anos.

Nese tempo traballa arreo, en oficios moi diferentes, e relaciónase con xente tamén moi dispar, segundo lle conta de maneira poética ó seu amigo Salvador García Bodaño:

«Teño cavado máis de corenta hectáreas de terra americana, de sol a sol até que o aceiro da eixada se fendera, e non houbo ceifa nen colleita que non fora queimada pola peste, pola xeada, polo destino.»

«O ouro foxe de min coa mesma intensidade que eu fuxo del. Somos incompatibles. E namentres
a vida sae de madre coma un río no inverno, é natural que un case e teña fillos por unha lei elemntal da especie»... «Casei cunha india andina como puiden casar cunha princesa turca. Hai un día no que somos tan orfos que necesitamos un tobo, un porto onde in... na... ...ra que nos alente. Non estou arr... E ...er simple, agarimosa como necesit... ...io. E coma a terra é fértil, segura, para sempre...

Este tempo de residen... ...icana préstase, como vemos, á fabulación. Dende 1961 ata 1981 escribe *«Os poemas de ausencia»*, que se divide en tres: *«Os poemas de ausencia. Primeira parte»*, *«Os poemas de ausencia. Segunda parte»* e *«Nova Crónica de Ulises»*, que aparecerán recollidos posteriormente (1982), xunto con toda a obra anterior, no volume *O tempo no espello.*

Outro libro, este de relatos, nos que recrea eses mundos, será *«Nova Crónica das Indias.»*

Ten un coñecemento exhaustivo de Colombia e das súas manifestacións artísticas, e identificarase cos desposuídos dese continente novo como fai cos deste vello país.

Regresa a Galicia o ano 1980; dende entón ata a súa morte, en 1992, rexentará unha taberna, situada nos baixos dun pazo medieval, en Noia. Ó tempo irá escribindo a meirande parte da súa obra. Levará adiante unha tarefa fecundísima de dinamización cultural, na propia Tasca, na Asociación cultural Catavento, na Asociación de Escritores en Lingua Galega, ou no xornal quincenal Barbanza.

Na súa honra os alumnos de E.S.O. van representar *«Tres capitáns de tempos idos»,* única peza teatral que escribiu Antón Avilés de Taramancos para os alumnos da escola da Serra de Outes. Contan que a escribiu en vinte minutos.




Páxina do bloc de debuxo manuscrita por Antón Avilés entregado a Pilar Sampedro, profesora no colexio da Serra de Outes.

**DAVID ÁLVAREZ NÚÑEZ 1º DE E.S.O**

# Obra teatral: A AVOÍÑA DA CARAPUCHIÑA



# Opinións de artistas:

Eu, Esther, sentín que o día da obra ía sair na tele como as actrices de verdade.
Esther Martín González.

O día da obra sentín que me estaba vendo o mundo enteiro como as actrices de cine.
Lorelai Prieto.

Esta obra foi divertida. Pasámolo moi ben. Tivo as súas cousas malas e as súas cousas boas; pero quedamos de primeiros de Ourense no concurso "Entre nós, en galego" e déronnos 100€. Para min somos @s mellores. A nosa directora Ana E. é a mellor directora
Lucía Alonso.

Estaba moi nerviosa. Fixémolo moi ben tod@s, e pasámolo xenial. A obra de teatro era bonita e a profesora Ana E. axudounos moito. Pasámolo moi ben con ela porque é moi alegre e divertida. Eu alégrome moito por participar na obra de teatro "A AVOIÑA DA CARAPUCHIÑA"
Eva Arias.




# Opinións de espectadores:

O día 5 de Maio o noso colexio representou unha obra na Casa da Cultura do Barco: "A avoiña da Carapuchiña"
A obra pareceume moi moderna.
Leticia Isabel Soárez Carvalho
6º Curso de Primaria

O que máis me gustou foi que a lobiña lle tivese medo á avoiña e que esta fora tan marchosa.
En fins encantoume a peza teatral.
Espero que lle gustase a toda a xente que había alí.
Ademais todos os nosos actores fixérono de marabilla

O que máis me chamou a atención foi cando o neno lle deu un bico á Carapuchiña
Adrián Blanco
6º

# PRIMEIRO PREMIO NO CONCURSO DO MUPEGA

A nosa historia comeza a principios de curso. A profe de galego proponnos participar nun concurso organizado polo Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA). A verdade é que a cousa non estaba mal, pero parecíanos un pouco complicada. Moito interés non puxemos, pero ó ver na clase fotografías, libretas e libros de hai un século, pensamos que si o podiamos facer.



Participamos no apartado gráfico: fotografías, libretas, libros e documentos relacionados coa escola durante os anos 1870 e 1970. Nós colaboramos coas fotos. Non moitas, pero ben bonitas por certo. ¡Canto cambiou a escola neste tempo!.

Temos que dicir que moitos de nós levamos todo tipo de fotos, ata de vodas. Polo visto estas non valían, pero xa a profe colleu a idea e para o ano que ven podemos formar o noso museo particular con fotos antigas.

O traballo foi duro, tódolos días oíndo o mesmo: «Traédeme fotos». «Mirade se tedes fotos dos vosos pais na escola». «Buscade libros e libretas no faiado». ¡E vaia se apareceron!. Non tedes máis que vir ó colexio para comprobar o que fixemos. E iso que non expuxemos todo; aquí unicamente amosaremos unha pequenísima mostra do noso traballo.

*ALUMNOS DE 1º E 2º DE E.S.O.*



Principios do século pasado. Rapaces de Melide despois da Catequeis

# AS FOTOGRAFÍAS



COA MESTRA NO CEMITERIO - O ROBLEDO -




Escola de Párvulos - Sobradelo -



Escola de Párvulos - Casaio -



Nos xardíns do colexio



O día do Corpus - Casaio -

# OS LIBROS



EL INGENIOSO HIDALGO DAN QUIJOTE DE LA MANCHA
- PARA USO DE LOS NIÑOS-
LIBRERÍA DE LOS SUCESORES DE HERNANDO
MADRID 1910




MI MANUSCRITO -
DARÍO MISTRAL
LIBRERÍA Y CASA EDITORIAL HERNANDO S.A.
MADRID, 1956




ESPAÑA, MI PATRIA - POR DON JOSÉ DALMÁU CARLES
DALÁU CARLES, PLA, S.A. EDITORES - MADRID 1923




ARTE DE ESTUDIAR
RUBIÓ Y BELBÉ
MANUALES XL SOLER, 1,50 PTAS.



Atlas-Geografía
COMPRENDE
46 páginas de texto, 10 mapas polícromos y 22 grabados
Por F. T. D.

PRIMER GRADO
para uso de las clases elementales

Derechos reservados
QUINTA EDICIÓN

BARCELONA
LIBRERIA CATÓLICA
Calle del Pino, 5
1909

# OS CADERNOS

## Prólogo

Hay día nublado, melancólico y de carácter otoñal; hoy comienzo a mi cuaderno de escritura correspondiente al presente curso. He de procurar, por todos los medios posibles, el que este cuaderno sea modelo de limpieza, que en él se pueda observar un progreso continuo una gran perfección de la letra, de los dibujos, figuras geométricas, mapas etc etc.

Para poder conseguir los propósitos y promesas que hago hoy y por si alguien me honrase con la lectura de mi cuaderno, pueda calificarme de alumno aplicado, empezaré por ser puntual siempre a clase, por no perderla día ninguno, por estar siempre a las explicaciones de nuestro Profesor y si posible me fuese, realizaré el mayor número de trabajos originales del que va a ser su autor

Félix Balboa

FÉLIX BALBOA -CURSO 1948-49 - SANTA CRUZ -

## Una carta

Carballeda de Valdeorras 4 de Diciembre 195[illegible]

Sr D. Toribio Prieto Ponferrada

Querido tío: Tenemos el gusto [illegible] [illegible] [illegible] que ese día [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] por estas tierras [illegible] [illegible] mucho [illegible] estamos [illegible] [illegible]

Nada mas por hoy. Recuerdos de mis padres y Recuerdos de Paciano Tato



PACIANO TATO - CURSO 1950-51 - SANTA CRUZ -

## Una Carta

REDACCIÓN

Villadequinta 6 de noviembre de 1963

Sr Dn
Tomás Ferrón Abendaña
Sobradelo

Querido maestro: Esta noche como estoy tan apurado con lo que usted me ha mandado tengo pocas cosas que decirle.

Le voy a decir como pasé la noche, hice el problema y estudié un poco hasta las 8, despues fui a cenar y comí el magosto en compañía de mis tíos y primos. Despues de cenar volví a estudiar otro poco hasta las 10 de la noche.

No le tengo mas que contar por hoy.

Un saludo de su alumno que le aprecia

José Paradelo

JOSÉ PARADELO -CURSO 1963-64 - VILADEQUINTA -

## Un Entierro

REDACCIÓN

25 de octubre

El dia 22 de octubre fallecio en este pueblo el señor Magín Fidalgo de 65 años de edad.

El entierro tuvo lugar el dia 23 a las 11 de la mañana y fue tanta gente la que le acompañaba hasta su ultima morada, que no se recuerda en este pueblo cosa igual. Todo ello demuestra las amistades que tenia y el afecto que le profesaban sus amigos y vecinos.

En este entierro habia mucha gente. Los que llevaron la cruz y los faroles fueron: Manolo, Domingos y Jorge y Esteban repicaba las campanas.

La misa fue cantada por dos niños de Sobradelo.

Antes de ir por el cadaver el sacerdote mando a Jorge a la fuente y tuvo la mala fortuna de caerse al deposito del agua y se mojo todo.

TOMÁS PÉREZ VIDAL
CURSO 1963-64 - VILADEQUINTA -

# Festividad de San Pedro

— 30 de junio —



El dia 29 de junio se celebra todos los años la fiesta de San Pedro en Villadequinta.
El vispera unas bombas anunciaban que es la fiesta. Los músicos vinieron desde el Trigal en el coche de Gabino y como vinieron tarde no pudieron dar el recorrido por el pueblo como es costumbre.
El dia 29 por la mañana hubo Misa, pero como las mozas no estaban ensayadas no la pudieron cantar y el Sacerdote marchó muy enfadado.
Este año hubo muy mala fiesta porque teniamos solamente dos músicos, uno tocaba la gaita gallega y el otro el tambor. La orquesta se titula "Lolos de la Portela"

Unos dias antes de la fiesta comienzan nuestras mamas a preparar las empanadas, el flan, el roscón, etc., para poder agasajar a los forasteros

# Problema

Para pagar una deuda de 860 pts pido 465 pts. Pagada la deuda me sobran 125 pts. ¿Cuantos pts tenia yo?

465 − 125 = 340 ; 860 − 340 = 520

Luis Fidalgo

# ENGLISH : Fun and games

## 1. Find the months and clothes (17 words) and write the months in order → ↓

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | S | D | W | J | U | M | P | E | R | Z | A |
| R | E | X | A | U | G | U | S | T | C | F | P |
| O | P | O | J | N | O | V | E | M | B | E | R |
| U | T | C | U | E | H | J | P | A | M | B | I |
| S | E | T | L | Q | S | K | I | R | T | R | L |
| E | M | O | Y | O | L | W | M | C | F | U | S |
| R | B | B | O | O | T | S | Y | H | U | A | B |
| S | E | E | D | E | C | E | M | B | E | R | I |
| G | R | R | S | H | I | R | T | C | G | Y | X |
| J | A | N | U | A | R | Y | Z | S | M | A | Y |

January ..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

## 2. Write the months.

1 January is the 1st month.

2 ______ is the 3rd month.

3 ______ is the 5th month.

4 ______ is the 6th month.

5 ______ is the 8th month.

6 ______ is the 11th month.




## 3. Label the map.

| ~~beach~~ | river | sea | island | causeway | mountain |
|---|---|---|---|---|---|

1 beach

2 ______

3 ______

4 ______

5 ______

6 ______




## 4. Describe Beth's route. Complete the sentences.

| into | right | across | into | over | left |
|---|---|---|---|---|---|

Beth turns ______ at North Street

and then she turns ______ at East Street.

She walks ______ Park Road

and she goes ______ the park.

She walks ______ the bridge

and she goes ______ the restaurant.



## 5. Complete the invitation

games school ~~party~~ birthday chocolate



Come to my ....party......, please
After ...................... today
A ...................... cake
And ...................... ice cream
And lots of ...................... to play!

# English songs

### 'I'm a little pumpkin' song

*I'm a little pumpkin* (Forma un círculo con los brazos, simulando que eres una calabaza.)
*Come and play* (Haz un gesto de llamada.)
*It's Halloween* (Pon cara de susto.)
*Hurray! Hurray!* (Levanta los brazos dos veces.)



### 'If you're happy' song

*If you're happy, happy, happy*
*Clap your hands* (Da dos palmadas.)
*If you're happy, happy, happy*
*Clap your hands* (Da dos palmadas.)
*If you're happy, happy, happy*
*If you're happy, happy, happy*
*If you're happy, happy, happy*
*Clap your hands* (Da dos palmadas.)





### Gorilla dance

*I'm a gorilla* (Dobla los brazos y balancéate de lado a lado.)
*One, two, three* (Golpéate el pecho con los puños tres veces.)
*I'm a gorilla* (Dobla los brazos y balancéate de lado a lado.)
*Dance with me!* (Vuelve a bailar como un gorila.)

### The frog song

*Five little green frogs*
*On a brown log*
*Oh, it's hot, it's hot, it's hot* (Simula que tienes calor.)
*IT'S HOT!*
*One jumps into the pool* (Haz que tu mano dé un salto.)
*Aah! It's nice and cool* (Relájate y abanícate con la mano.)

*Four little green frogs...*
*Three little green frogs...*
*Two little green frogs...*



*One little green frog*
*On a brown log*
*Oh, it's hot, it's hot, it's hot* (Simula que tienes calor.)
*IT'S HOT!*
*One jumps into the pool* (Haz que tu mano dé un salto.)
*Aah! It's nice and cool* (Abanícate con la mano.)
*No little green frogs on the log!* (Dale la vuelta a la





### Bye-bye song

*Bye-bye, bye-bye now*
*It's time to say bye-bye!*
*We can play another day*
*But now we say 'Bye-bye'* (Bye-bye/Bye-bye/Bye)

# DIA MUNDIAL DA CRIANÇA



## 1 de Junho

Olhem mais pelas crianças
Que são a alma de um povo
Crianças sem esperança
Não fazem um país novo.

O sorrir de uma criança
Muita beleza encerra
É a coisa mais bonita
Que existe a face da Terra.

Todos falam da criança
Desta palavra tão bela
Mas muitos que dela falam
Não fazem nada por ela.

Alunos do 4º ano

# DIA 13 DE MAIO

Haje é um dia muito importante para todas as pessoas que professaim a religião Católica.
No dia 13 de Maio de 1917 Nossa Senhora apareceu em Fátima a 3 pastorinhos.
Eles eram: Francisco, Jacinta e Lúcia. Os 2 primeiros eram irmãos e já faleceram, a Lúcia era prima deles e ainda é viva.
Nossa senhora pediu aos pastorinhos que rezassem muito pela paz e para que não houvesse mais guerras.
É tradição, muito gente ir a Fátima a pé como peregrino fazendo promessas muito dificeis mas que cumprem com alegria.

6º ano de Primaria




## PASSATEMPO

Joaninha, que é da carta?
A carta nunca mais veio...
Atrasas tanto o correio!
Anda toda a gente farta
De te ver voar à toa
E ninguém sabe da carta...
De tal carta
Que hás-de levar a Lisboa!
Joaninha, voa, voa.



Jennifer Cristina Moura Carvalho 6º primaria

## ADIVINHA

Qual é a coisa, qual é ela,
quem é, quem é que me diz,
que, sem pernas e sem pés,
Sem ter boca mem nariz,
vai ao longe, muito longe,
e mais rápido que os ventos
levar depressa os meus recados
e dizer meus pensamentos?
O que é?

# Adivinha as Estações

Sou a estação mais fria. Quando nessa fica tudo branquinho podemos fazer bonecos de neve e praticar desportos. Há a festa do Natal e dos Reis.

Quem sou eu? ______________

Na minha estação as folhas das árvores começam a cair deixando um lindo e fofo tapete no chão.
Fazem-se as vindimas e os magustos

QUEM SOU EU? ______________

Sou uma estação de muito calor.
As pessoas costumam ir à praia ou às piscinas.
Nos campos procuram as sombras frescas das árvores.

Quem sou eu? ______________

Sou a estação do ano que chega a seguir ao Inverno.
As árvores ficam mais bonitas e brilhantes. Há morangos e cerejas deliciosas.
A temperatura é amena e as andorinhas esvoaçam no azul do céu.

Quem sou eu? ______________









Jenifer, Sergio, Noelia e Melissa de 3º ano

# A RÚA - 2003

A festa de Cholo e Nela

ROCIO

16-5-03
(4 anos)



A festa de cholo e Nela

16-5-03
(4 anos)



CONVIVENCIA ED. INF.

15-MAIO-2003



CHOLO

E

NELA

Fomos todos

á Ría





Traballamos nos talleres




Pasámolo ben cos bombeiros





Xogamos nos inchables



¡ATA O ANO QUE VEN!

Ed. Inf. 5 anos

# A COSTA DA MORTE OU A MORTE DA COSTA

MAREAS NEGRAS NA NOSA TERRA: O POLICOMMANDER EMBARRANCA EN VIGO NO 1970. O ERKOWIT EN BASTIAGUEIRO NO 1970 CON PESTICIDAS. O MONTE URQUIOLA NO 1976 NA CORUÑA. O ANDROS PATRIA EN CABO ORTEGAL NO 1978. O CASÓN EN FISTERRA CON PRODUCTOS QUÍMICOS NO 1987. O MAR EXEO NO 1992 NA CORUÑA. O PRESTIGE NO ANO 2002...



O afundimento do Prestige non vai quedar esquecido en moitos anos para os españois e, en especial, para os galegos. O visto, lido e escoitado nos medios de comunicación non foron suficientes para que os rapaces e rapazas do noso centro comprendésemos a magnitude da catástrofe.

Queriamos solidarizarnos dalgunha maneira e así o fixemos. Murais, cartas, debates, todo nos parecía pouco. Por iso cando nos dixeron de formar parte da "Cadea Humana" non o dubidamos e alá fomos. A nós tocounos ir a Laxe.



A viaxe foi un grande sacrificio, pois tardamos preto das catro horas en chegar. Menos mal que ás duas horas paramos para estira-las pernas e tomar algo.

Ó chegar a Laxe uns monitores indicáronnos ata onde tiñamos que subir. Así o fixemos, e, unha vez "subidos", tivemos que baixar ata a praia para volver subir e baixar ata unirnos cos que viñan de Navia de Suarna e Becerreá. Houbo compañeiros que quedaron na praia con algunha profesora porque xa non daban máis. Os que fixemos o percorrido máis longo sentamos en canto puidemos e comimos un pouco para repoñer forzas. Nun momento determinado escoitamos o ruido de foguetes. Ese era o aviso para collern os das mans e permanecer durante un tempo desta maneira. A verdade é que foi ben bonito todo. Centos e centos de persoas gritando todos o mesmo: "NUNCA MÁIS".

Se a todo o anterior engadimos chuvia, sol, camiños enlamazados e falta de sono, hai que pensar que en canto podiamos sentabamos en calquera sitio traendo para casa o selo característico da zona O CHAPAPOTE. ¿Que terá esta sustancia que ó día de hoxe todavía está a marca nas cueiras dos pantalóns? ¿Que lle fará ós peixes e diferentes animais da costa? Por iso non nos equivocamos ó dicir que a Costa da Morte ten a morte na costa.

A praia parecía limpa, pero non era así; partículas moi pequeniñas quedábanche pegadas nas mans e a area non era brilante, tiña unha cor entre branca e parda, dando unha sensación grande de tristeza.

O regreso a casa foi tamén tranquilo. Paramos no "Meson da Cabra" para tomar algo e sobre as oito e media xa estabamos no noso destino. Creo que nos gustaría volver.

***Alumnos/as de 1º e 2º de E.S.O.***

# O NOSO AMIGO FANTÁSTICO

O xenio Cucú por arte de maxia dun ovo sacou un animal moi especial.



Púxolle de nome Floreto.



Floreto é moi raro
O seu corpo é de sardiña con escamas brilantes.





Ten un peteiro laranxa, ás para voar e patas de pato.

Floreto tiña orellas orelludas de coello e rabo peludo de gato.





nenos e nenas de 1º de E.P.

# Eu quero ser .....


Xardiñeira
(4 anos)
SABRÍNA
ALBANEL
BRAIS
(4 anos)
BONBEIRO
FRANCÍSCO (4 anos)
CARPINTEIRO
LUIS
ALBERTO
4 anos
FUTBOLISTA
CRISTHIAN
(3 anos)
MEDICO
JOANA
4anos
XAROPE
PROFESOR
AHEN
(4 anos)


PERRUQUEIRA
CRISTINA
3 anos
PINTORA
ROCIO
(4 anos)
ZAPATEIRO
LUIS ENRIQUE
(4 anos)
POLICIA
ÓSCAR
(3 anos)
CAMIONEIRO
CARLOS
(4 anos)
COCIÑEIRA
LUCIA
(4 anos)
Ed. Inf. 3 e 4 anos

# A HISTORIA DUN RÍO

Todo comeza un día, cando caen as primeiras folerpas de neve no cumio das montañas. A paisaxe, que antes era verde e rochosa, pasa a ser un manto branco onde non diferencias nungunha cor. Só o refrexo da neve provocado polo sol. Pouco a pouco vaise derretendo e, os teus ollos xa son capaces de ver distintas cores. A neve , cando se derrete, vai formando un regato, como se se tratase do fado que vai esbarando pola montaña .

A medida que vai baixando, por si mesmo descobre cousas novas, e vai formando o seu propio camiño, esquivando as rochas, anegando pozos e chegando a ser capaz de sortear montañas e levar nas súas entrañas pequenos peixiños.

Pouco despois chega ó seu máximo esplendor: vai recorrendo o seu propio camiño con moitísima forza e non hai ninguén nin nada que se interpoña, mesmo chega a ser quen de arrincar pequenas pedras e levar con el pequenos e débiles regatos.

Pero quizais o máis interesantes é que tralo seu paso, deixa unha marca indeleble no tempo.

Por último , desemboca no mar... e todo acaba en cuestión de segundos, coma un son que xa se perde no aire.

Rebeca Alejandre 4º E.S.O.



# CALIGRAMA




6º CURSO

Estamos no medio da ventisca. Non para de nevar e os nosos corpos están fríos, cáseque a piques de sufrir conxelacións. O que pretendía ser unha pracenteira xornada de esquí convertiuse nun inferno branco. Non vemos ós compañeiros que temos a escasos dous metros de distancia.

No segundo día de estancia en San Isidro, estación de esquí situada en pleno corazón da Cordilleira Cantábrica, estamos na mesma situación que na xornada anterior; imos sucumbir ó desánimo e deixarnos xacer neste leito grisáceo e frío.

Sentimos envexa daqueles compañeiros que, intelixentemente, decidiron quedarse resgardados no interior do confortable hotel no que nos hospedamos.

Tras dúas horas de loita con este furacán, que despraza as folerpas de neve como se foran graos de fina area do deserto, logramos o maior triunfo da nosa vida: sobrevivir a pesares das escasas forzas que nos quedan despois dunha dura noite sen durmir e deste esforzo sobrehumano.

O que non sabíamos era o que nos depararían as seguintes horas da nosa vida; unha viaxe nun destartalado autobús por estradas cubertas por unha espesa capa de neve e xeo, nas que un inexperto e despistado conductor decidiría probar en varias ocasións o que se sinte sendo un afamado piloto de carreiras como Carlos Sainz no rali de Finlandia ó faceres derrapar un bólido a máis de 200Km/h.

En fin, os pelos póñenseme como escarpias ó lembrar aqueles tensos intres, ó ver nas caras dos meus compañeiros o reflexo da morte. É por iso polo que non podo seguir con este **conto baseado nuns feitos reais** como a vida mesma.

Palanfrán.

# ACRÓSTICOS

Palabras e máis palabras
Olvidadas, aburridas
Esperan a túa man
Sabia, áxil e graciosa
Imposible sen máis,
Ata que as alcances.

Galicia, moita poesía
A mellor é a galega
Lendo non perdes o tempo
E nunca te aburrirás
Galicia rica en poesías
A de Rosalía, Antón de Taramancos...

Marcos Prieto Fdez.

6º Curso

# HISTORIA DUN NENO ARXELINO




Tengo que escribir en castellano porque no conozco el Gallego.

Soy Argelino. Nací en Ain-taya (Argelia) y tengo doce años. Llegué a España, junto con mi madre y mis hermanos, (mi padre llevaba aquí tres años) el 27 de diciembre del 2001. Vine en barco hasta Alicante y desde allí en autubús hasta Sobradelo

Al llegar me parecía todo raro: no conocía ni el pueblo ni el idioma, no tenía amigos, no......

Llegué al colegio y por la edad me incoporé en la clase de 6º. Aquello fue tremendo porque yo no me enteraba de nada. Para solucionarlo, los profesores de primaria, acordaron cogerme, junto com mi hermano, y dedicarse todas las tardes a enseñarnos vocabolario castellano. Al poco tiempo, ya comprendía y sabía expresarme regularmente.

Este año vuelvo a estar en 6º pero ya sigo el curso normal y llevo buenas notas.

Agradezco a los profesores lo bien que se han portado y también a los niños porque siempre han jugado con nosotros y nos han recibido como compañeros.

Echo de menos a mis abuelos, tíos, primos y amigos y me gustaría que Argelia estuviese más cerca para visitarlos más a menudo.

Elias Bouyoucef

6º Curso

# O NOSO ÚLTIMO ANO NO COLEXIO

"Pode que este sexa o último ano para nós neste centro e por eso nos estamos dando conta que estrañaremos todo esto : os nosos amigos, os xogos , escribir nas paredes, escoitar broncas , a tensión na época dos exames...
Sempre dixemos que estabamos fartas do cole , que sempre era o mesmo : madrugar , escoitar ós profesores , autobuses , deberes, inventar excusas,....Pero claro, agora que se acerca o final e sabes que quizais non volvas aquí ,nin volvas a ver ós teus amigos, sínteste mal.
Queres aproveita-lo tempo que che queda , tes medo do que virá e non desexas que chegue a despedida."

(conversa de recreo)

Patricia e Liliana. 4º de E.S.O.



## XOGOS DO MAGOSTO

O magosto celebrouse o día 7 de Novembro. Foi moi divertido.
Organizáronse moitos xogos por cursos.
O xogo de ***Educación Infantil*** consistía en tirar castañas dentro dun aro, algúns tirábanas fóra e outros atinaban.
O xogo de ***Primeiro*** e ***Segundo*** de ***Primaria*** consistía en levar unha culler na boca cunha castaña, e tiñan que pasar por enriba duns bancos sen que lle caíra a castaña, para logo deixala nun aro.
Os de ***Terceiro*** e ***Cuarto*** botaron unha carreira de sacos, tiñan que rodear un cono e logo volver.
Para rematar fomos nós, os de ***Quinto*** e ***Sexto,*** con carreiras de relevos. Tiñamos que levar cinco castañas na man, correr e darllas ó relevo.
Ós participantes dos equipos gañadores déronlles unha medalla.

ESTHER e LORELAI – 5° de Primaria



MARTA - 2° Primaria

MIRIAN - 2° Primaria





JONATHAN - 2° Primaria

# Deportes e Xogos

## CAMPO A TRAVÉS EN O BARCO
(FASE INICIAL)

Foi en decembro . Corrimos en Calabagueiros un medio fondo.

A pista é de Atletismo ,hai un campo de futbol , vestiarios e gradas .

Acadamos moi bos postos:

En benxamín feminino Mirian quedou 2ª, en benxamín masculino Diego foi 3º.

Na nosa categoría infantil masculino: Marcos acadou o 9º posto e Alberto o 6º.

Deron un diploma a tódolos participantes indicanco os tres primeiros postos.

KEVIN e ALBERTO

6º Primaria



## CAMPO A TRAVÉS NA RÚA DE VALDEORRAS
(Fase comarcal)

O 24 de xaneiro fomos participar na carreira de campo a través na Rúa. Saímos do colexio ás 10:00 da maña.

Fomos nun autobús acompañados polos profes Manu e Avelina. A mañá estaba fresca e con néboa, ó chegar á Rua estaban alumnos doutros colexios da comarca. Deixamos as mochilas no pavillón, mentres tanto xogamos un pouco e despois saímos para comenza-las competicións e empezamos quentar os do noso grupo todos xuntos.

Nesta carreira participamos poucos alumnos do colexio:4 de segundo, 8 de terceiro, 12 de cuarto, 5 de quito, 3 de sexto e 2 de primeiro de ESO. Na categoría benxamín feminino quedou de primeira Mirian Ares Prada e gañou unha copa. Na categoría alevín masculino quedou terceiro Ismael Bouyoucef e déronlle unha medalla.

En alevín feminino quedou no quinto posto Lorelai Prieto Prieto.

E isto foi todo o que aconteceu este día na Rúa.

MARCOS e FRAN - 6º Primaria

# PASATEMPOS

## SOPAS DE LETRAS

### 20 palabras palíndromas

| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O | R | O | P | T | O | E | S | E | F | G | H | I | J | K | A | T | A |
| P | O | X | A | T | M | T | O | L | A | A | L | L | O | P | X | W | N |
| E | E | N | E | O | Q | A | N | S | O | P | Q | P | T | S | T | V | A |
| N | P | N | M | Ñ | P | L | P | Z | Y | X | W | V | U | A | S | U | I |
| E | T | M | E | X | M | A | N | A | T | A | D | A | T | L | Y | S | R |
| M | L | R | B | A | | T | Z | O | A | M | | X | T | A | Z | O | D |
| L | L | A | E | B | A | S | A | M | V | B | T | | M | S | U | S | A |
| S | Ñ | | T | C | O | L | A | N | C | M | Ñ | T | S | O | V | O | S |
| Z | P | Q | | M | O | T | Q | X | | A | L | B | E | R | T | O | E |
| K | A | B | O | C | D | N | E | F | G | G | U | A | P | O | P | Q | A |
| R | H | S | I | J | K | L | O | U | M | N | O | J | O | O | M | S | B |
| A | Ñ | O | P | Q | R | S | T | C | U | V | W | X | Y | A | P | A | E |
| Y | Z | A | | F | R | A | N | F | E | O | Y | T | O | N | T | O | Z |
| A | Ñ | A | R | F | L | U | C | I | A | R | T | E | X | O | T | P | Ó |
| R | F | E | O | P | O | P | | | S | E | S | O | M | E | M | E | N |

### dez partes do corpo

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| N | O | S | E | L | K | N | E | E | O | E | R |
| P | R | S | T | U | W | Z | D | X | Y | V | O |
| Q | S | K | I | N | S | T | M | E | L | P | J |
| G | B | T | C | Y | E | H | B | I | I | F | T |
| I | A | M | O | Ñ | O | R | P | Q | P | O | X |
| E | L | T | R | M | O | S | T | U | O | V | W |
| A | B | N | Y | M | C | Z | A | F | B | C | Y |
| R | E | Ñ | E | F | G | H | H | I | J | F | K |
| S | R | M | U | M | T | N | Ñ | O | P | Q | R |
| S | T | K | S | H | O | U | L | D | E | R | R |
| T | O | Z | U | V | E | W | X | Y | Z | D | N |
| C | A | L | F | I | N | G | E | R | A | N | A |

ALBERTO 6º PRIMARIA

### 10 NOMES DE CAPITAIS EUROPEAS

KEVIN 6º

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | E | A | M | N | Q | M | E | K | F | D | M | M | A | N | R | E | B | C | D |
| C | K | E | M | R | Q | B | N | P | E | D | O | L | J | A | F | T | N | E | B |
| D | B | K | F | Ó | M | D | B | R | A | T | I | S | L | A | V | A | Q | A | F |
| D | T | O | N | M | N | A | N | B | J | B | P | J | H | A | Z | D | B | G | H |
| B | R | E | S | L | J | A | J | P | E | S | T | O | C | O | L | M | O | I | J |
| R | A | S | Z | L | M | Ñ | C | Z | B | A | Q | Z | A | Y | N | B | Q | Z | K |
| N | A | Q | B | P | O | O | L | O | X | Ñ | A | X | R | Q | N | N | U | L | M |
| R | Q | K | Ñ | B | Z | D | K | Q | N | H | G | K | J | L | I | B | Z | N | Ñ |
| P | Q | P | R | A | G | A | P | B | I | J | D | H | N | T | L | D | B | P | O |
| B | V | Z | U | X | Z | W | N | F | E | S | U | T | Z | Q | L | A | C | Q | T |
| K | I | E | V | W | Y | V | A | G | I | R | R | R | V | Y | A | X | Z | V | R |
| A | T | I | R | A | N | A | B | C | D | Z | B | Q | B | N | T | W | Y | S | U |

¡Máis vale chuleta en man que estudiar todo o verán!



## CHORRADIÑAS

Os teus  son o  que alumea o meu camiño

O día que os peches, toparei contra un piñeiro 

Hidra

Onte pasei polo teu balcón
e tiráchesme unha flor
A próxima vez
¡Sen maceta, por favor!

ERIS

**C.P.I. TOMÁS TERRÓN MENDAÑA** **EXAME FINAL**

**NOME:** SHIN - CHAN **DATA:** HOXE

**NOTA** 0

1. ¿Que suceso marcou a obra de Jorge Manrique?

   A oda que escribiu seu pai cando estaba morto.

2. ¿A que é igual o seno de x?

   Non sei, pero a min eso paréceme unha porcallada.

3. ¿Que é un número racional?

   Un número que pensa.

4. ¿Como respiran os peixes?

   Con moitas dificultades por encontrarse baixo a auga.

5. ¿Como se contrae o corazón?

   Cando se lle da un bo susto.

6. ¿A que provincia pertence o río Manzanares?

   Á do Atlético de Madrid.

7. ¿En que idade xeolóxica nos encontramos?

   Na que vostede queira, mentres que sexa pola tarde.

8. ¿Cal e o río máis importante que cruza as terras catalanas?

   O Mediterráneo.

9. ¿Cal é o radio da Terra?

   Radio Nacional de España.

10. ¿Quen é a Santísima Trinidade?

    Deus é tres persoas nunha, como o lubricante.

11. ¿Quen foron os doce apóstolos?

    Os doce apóstoles eran tres, Melchor, Gaspar e Baltasar.

12. ¿Como nos podemos orientar nunha noite estrelada?

    Esperando a que amañeza.



Os de 3º E.S.O B










SARA TATO 4ºESOB
EMPORCÁRONO TODO...
E DIN QUE NAIDE FOI
RESPONSABLE...